



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Javier de Vicente Remesal
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Juan M. Suárez Creo
 D. José M. Da Rocha Álvarez
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Julio Taboada Pérez
 F. Margarita Estévez Toranzo
 F. M^a Luisa Alonso Escontrela
 D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
 F. Josefina Álvarez Andrés (CC.●●)
 D. Miguel Ángel Areán Míguez
 F. M^a del Carmen Cabeza Pereiro
 D. Manuel Ángel Candelas Colodrón
 F. M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 F. Patricia Corbacho Suso
 D. Xosé Henrique Costas González
 F. M^a del Carmen De Arriba Pérez
 D. José Durany Castrillo
 D. José Ramón Fernández Bernárdez
 D. José Manuel García Vázquez
 D. José Manuel Gil Villanueva
 D. Manuel Gutiérrez Nieto
 D. José Luis Legido Soto
 D. Miguel Loureiro Blanco
 D. Gonzalo Marino González
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesias
 D. Carlos Mollinedo Lois
 F. Ascensión Muñoz del Barrio
 D. Luis Ortíz Torres
 D. Antonio Pena Giménez
 D. Alberto Pena Rodríguez
 D. José Pose Blanco
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D. M^a José Roca Fernández
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D. Carlos Román Lago
 D. Patricio Sánchez Bello
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
 D. Rafael Sanz Domínguez
 D. José Tojo Suárez
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
 D. Manuel Varela Lafuente
 D. Manuel Velasco Graña
 D. Federico Vilas Martín
DESCULPA A ASISTENCIA
 D. Alejandro González Fontenla

Acta da sesión ordinaria da Xunta de
Goberno da Universidade de Vigo, de
vintecatro de xaneiro de dous mil un, ás 9:30
horas en primeira convocatoria e ás 10:00
horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S.
de Enxeñeiros de Telecomunicación

O mércores, día **24 de xaneiro de 2001**, ás 10:15 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11-12-2000).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Aprobación, se procede, da proposta de Premios Extraordinarios de Doutoramento.
- 4.- Aprobación, se procede, da proposta de Premios Extraordinarios Fin de Carreira.
- 5.- Aprobación, se procede, de RPT de Persoal Laboral de Administración e Servicios.
- 6.- Reposición na RPT dunha praza de persoal de administración e servicios adscrita ó Instituto de Electrónica Aplicada Pedro Barrié de la Maza.
- 7.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, visitantes, transformacións, permisos. Asuntos relativos a renovación de asociados dos Departamentos H08 (área 690) e X04 (área 215)
- 8.- Proposta de división do Departamento de Tecnoloxías das Comunicacions.
- 9.- Aprobación, se procede, da proposta de planos de estudo de Diplomado en Ciencias Empresariais (Ourense e Vigo); Diplomado en Mestre: Educación Infantil e Educación Primaria (E.U. do Profesorado-Vigo - adscrita-) e Diplomado en Enfermería (E.U. de Meixueiro, Povisa, Pontevedra e Ourense - adscritas-).

- 10.- Aprobación, se procede do I Curso de Especialista en Dirección e Xestión de Programas e Centros Xerontolóxicos Socio - Sanitarios.
- 11.- Aprobación, se procede, dos criterios de distribución de fondos para a dotación de laboratorios docentes.
- 12.- Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas á investigación do ano 2001.
- 13.- Aprobación, se procede, da convocatoria para actividades de extensión universitaria do ano 2001.
- 14.- Aprobación do Convenio entre a Universidade de Vigo e a Facultade de Ciencias Políticas (Génova-Italia)
- 15.- Aprobación, se procede, do acordo de homologación do complemento específico dos Profesores Titulares de Escola Universitaria.
- 16.- Elección para cubrir unha vacante no Consello Social (sector PDI)
- 17.- Elección para cubrir vacantes na Comisión de Reclamacións (1 PDI, 1 estudante)
- 18.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno: Comisión de Docencia (1 PDI), Comisión de Extensión Universitaria (1 PDI), Comisión de Estudiantes (1 PDI, 1 PAS).
- 19.- Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación se procede, da acta da sesión anterior (11-12-2000).

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

Neste punto o Rector informa:

- da aprobación do orzamento da Universidade para o ano 2001, no Claustro e no Consello Social, no mes de decembro do ano 2000.
- da sinatura do convenio sobre o plano de promoción de profesorado asinado o día 20-12-2000 entre a Xunta de Galicia e o Ministerio e do convenio específico entre as tres Universidades Galegas e a Xunta o día 24 de xaneiro de 2001.
- do pago dos sexenios docentes non universitarios.
- da xuntanza do Consello de Administración de Cidade Universitaria S.A. na que foi aprobada a licitación da 2ª fase por un total de 830 millóns de pesetas e do crédito de 1120 millóns de pesetas instrumentado con Caixanova , aprobado pola Xunta Xeral de accionistas.

Punto 3. Aprobación, se procede, da proposta de Premios Extraordinarios de Doutoramento.

Apróbase a proposta por asentimento (anexo I)

Punto 4. Aprobación, se procede, da proposta de Premios Extraordinarios Fin de Carreira.

Apróbase a proposta por asentimento (anexo II)

Punto 5. Aprobación, se procede, de RPT de Persoal Laboral de Administración e Servicios.

Apróbase a proposta por asentimento (anexo III).

Punto 6. Reposición na RPT dunha praza de persoal de administración e servicios adscrita ó Instituto de Electrónica Aplicada Pedro Barrié de la Maza.

Este punto foi incluído na orde do día por petición nun escrito asinado por once membros da Xunta de Goberno.

Os profesores Corbacho, R. Berrocal e Legido (asinantes do escrito) explican que coa nova RPT de persoal funcionario desaparece unha praza no Instituto de Electrónica Aplicada e que en aplicación do artigo 41.6 dos Estatutos habería que repoñela.

O Xerente indica que na negociación da RPT non se entendeu que ese artigo dos Estatutos conleve unha singularización do posto. O importante é que o Insituto ten apoio administrativo e que as súa funcións están atendidas.

O profesor Mandado (Director do Instituto) entende que houbo un olvido ó non incorporar este posto na RPT. Opina que ten que haber un administrativo adscrito ó Insituto. Di que o Director e o Secretario teñen que levar persoalmente o rexistro e levar a contabilidade. Pide que mentras non se elabore unha nova RPT se dote ó Instituto dunha praza.

O Vicerrector de Planificación recorda que a RPT aprobada en Xunta de Goberno conleva a desaparición de certas singularidades xa que foi aprobado un cambio no modelo de funcionamento.

O Sr. Cebro (en representación da Xunta de Persoal) di que a RPT foi aprobada en Xunta de Goberno previa negociación coa Xunta de Persoal. Non pode aprobarse agora ningunha modificación porque non houbo ningunha negociación previa. Outra cousa suporía un enfrontamento coa Xunta de Persoal e cos funcionarios. Di que coa actual RPT, lévase a cabo un cambio con respecto ó modelo anterior e que os problemas concretos do Instituto poden resolverse sen entrar en modificacións. O que tampouco pode dicir a Xunta de Goberno é que se contrate a unha persoa, xa que para eso está a Comisión de Emprego.

O profesor Reigosa opina que a Xunta de Goberno non pode aprobar agora modificacións da RPT. O importante é saber se as funcións do Instituto están cubertas sen incumprir a normativa vixente.

O Rector somete a consideración da Xunta de Goberno o seguinte acordo neste punto:

"Instar ó Rector e ó Xerente a que se teñan en conta as necesidades do Instituto de Electrónica Aplicada e se busquen mecanismos para que coa actual relación de Postos de Traballo se atendan as funcións do Instituto e se solucionen os problemas concretos.

Se non é posible, a iniciativa do Director do Instituto de Electrónica Aplicada, a Comisión

de Emprego estudiará a posibilidade de levar a cabo provisionalmente unha contratación para realizar as funcións propias do Instituto. Cando se elabore a seguinte Relación de Postos de Traballo, analizarase a conveniencia de que haxa ou non algún tipo de singularización de prazas relativa ós Institutos".

O resultado da votación foi o seguinte:

A favor	29 votos
En contra	3 votos
Abstencións	10

Apróbase.

Punto 7. Asuntos de profesorado: prazas BOE, visitantes, transformacións, permisos. Asuntos relativos a renovación de asociados dos Departamentos H08 (área 690) e X04 (área 215)

Neste punto auséntase temporalmente o Rector e pasa a presidir a sesión o Vicerrector de Desenvolvemento Don Pedro Merino..

- Prazas BOE.

Apróbanse por asentimento as seguintes:

C02	055	Vigo	TIT-UN	Josefina Álvarez Andrés
H06	814	Vigo	TIT-UN	Ana Luna Alonso
H06	814	Vigo	TIT-UN	Susana Cruces
T02	535	Vigo	TIT-UN	José F. Manzanedo García
T02	535	Vigo	TIT-UN	Manuel Anxo Prieto Alonso
T04	555	Vigo	TIT-UN	José Manuel Dominguez González
T07	520	Vigo	CAT-UN	
T07	520	Vigo	CAT-UN	
T09	075	Ourense	CAT-UN	
X02	165	Vigo	TIT-UN	Miguel Ángel Bouza López
X08	415	Vigo	TIT-UN	Fidel Castro Rodríguez
X09	095	Vigo	TIT-UN	Ana Isabel Martínez Senra

Visitantes:

a) Nieves Redondo, coa categoría de PP2, desde 25-01-2001 ata 30-09-2001, no Departamento C02 de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo, apróbase por asentimento.

b) área 595 (Matemática Aplicada):

O profesor R. Berrocal di que na data de Comisión de Docencia que figura no impreso (29-11-2000) non foi aprobada esa praza.

O profesor Durany da lecura a un escrito (anexo IV) asinado por profesores do Departamento de Matemática Aplicada solicitando que se pospoña a posible contratación de profesor

no Departamento de Matemática Aplicada ata que o Consello de Departamento se pronuncie sobre o tipo de figura, elabore un POD definitivo do curso 2000-2001 e propoña as figuras de contratación de acordo coas súas necesidades reais.

O profesor Corbacho di que houbo un novo grupo en Enxeñería Técnica Industrial e que entendeu que a petición de prazas era a que xa estaba feita.

O Vicerrector de Profesorado propón que volva o tema á Comisión de Docencia e que estea solucionado para cubrir a docencia do segundo cuadrimestre.

Apróbase.

c) Área 780 (Tecnoloxía dos Alimentos)

O profesor Sánchez Bello intervén para manifestar que na súa opinión na anterior Xunta de Goberno (11-12-2000) foi tomado o acordo de tratar de buscar a fórmula para contratar á profesora Gil de la Peña.

O Vicerrector de Profesorado di que na anterior Xunta de Goberno acordouse deixar en suspenso a contratación dun profesor visitante á espera de que o Departamento faga unha proposta. O Consello de Departamento acordou propor a D^a Gema Arturo Díaz como visitante.

A Dra. Gil de la Peña pide que conste en acta a intervención que se recolle como anexo V.

A profesora da Facultade de Ciencias de Ourense Dona Esperanza Fernández intervén en favor da contratación da Dra. Gil de la Peña (anexo VI).

Os profesores Santamaría, Membiela e Vilas opinan que a decisión do Departamento debe estar motivada.

O profesor R. Berrocal di que a proposta do Departamento non atende no fondo ás reflexións da Xunta de Goberno.

A profesora Roca opina que se podería revocar de oficio o cese da profesora Gil de la Peña. Indica que os Departamentos deben motivar as súas decisións.

A profesora Álvarez Andrés di que a única solución é boa vontade e sentido común e que podería tratarse o tema na Xunta de Persoal.

A profesora Alonso Escontrela quere que conste en acta que dende o sentido común non se pode entender que o Dpto. relegue como profesora visitante á Sra. Gil de la Peña que pertenceu a él durante varios anos dando mostra de gran competencia docente e investigadora. Que se ben o Dpto. propuxo a outra profesora como visitante, a súa autonomía non é absoluta e a Xunta de Goberno pode rectificar se hai razóns que o xustifiquen, como entendo que ocorre neste caso, a proposta do Dpto.

O profesor Durany di que o único que pode facer a Xunta de Goberno é aprobar a proposta de visitante, non aprobala ou devolver o punto sen entrar a valorar ou comparar méritos de posibles candidatos.

Neste momento do debate, o Vicerrector de Desenvolvemento, retira o punto e recomenda ó Departamento que complete a documentación desta proposta de visitante.

- Transformacións:

Apróbanse por asentimento as seguintes:

T08	385	Mohamed Boutinguiza	de T3-P3 a T3-P6
T08	385	Jorge Ferreiroa González	de T3-P6 a T3-P3
T08	385	Manuel Martínez Piñeiro	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	Olga Cantó Sánchez	de PP1 a PP2
X06	225	M ^a Pilar Abad Romero	de PP1 a PP2
X08	415	M ^a Jesús Freire Serén	de PP2 a TIT-UN interino
X08	480	María Blanca Martínez Domínguez	de ASO T2-TC a PP2
X09	650	M ^a del Mar Rodríguez Domínguez	de PP1 a PP2
X09	650	José Santiago Gómez Fraiz	de PP2 a TIT-UN interino
X09	650	Jesús Vázquez Abad	de PP1 a PP2
X09	650	Begoña Campos Nuño de la Rosa	ASO T2TC a PP2

- Permisos:

Apróbase por asentimento o seguinte:

Don Ramón Gómez Gesteira, desde 01-07-2001 ata 30-09-2001.

- Asuntos relativos a renovación de asociados dos Departamentos H08 (área 690) e X04 (área 215).

a) Departamento H08 (área 690)

O Vicerrector de Profesorado fai un resumo do proceso: en decembro de 1999 saíron a concurso catro prazas de asociado T3-P3, quedando unha mesma persoa (Almudena Fernández Fariña) no primeiro lugar en 3 das prazas e no segundo na outra. Houbo reclamacións que atrasaron a resolución do concurso. No ano seguinte, por diminución de docencia, só se podía contratar a unha persoa e o Departamento decidiu a renovación do profesor Pinal que quedara en terceiro lugar nunha das prazas e de cuarto noutra (e non da persoa que quedara en primeiro lugar)

En representación do Departamento intervén o seu Secretario, profesor Meana, e explica que analizando o curriculum na área de Pintura, o Departamento prefiriu ó profesor Pinal que á profesora Fariña.

O Vicerrector de Profesorado opina que debería renovarse o contrato á persoa que quedou inicialmente no primeiro posto xa que non hai motivos para non respectar os criterios iniciais.

O Vicerrector de Docencia e Alumnado pregunta se o programa da materia cambiou como para que a persoa que era antes a idónea, deixe de sê-lo (o profesor Meana reponde que non)

Sométese a consideración da Xunta de Goberno a seguinte proposta: non aceptar a proposta

do Departamento H08 de renovación do profesor asociado na área 690.

Votos a favor da proposta:	15
Votos en contra da proposta	3
Abstencións	9

Apróbase a proposta.

b) Departamento X04 (área 215)

Neste punto, o Vicerrector de Profesorado explica que en data 15-9-2000, o Departamento comunicou a non renovación dos profesores que gañaron as prazas no primeiro concurso do ano 1999/2000 (X04-215-56-01,02). A Comisión de Docencia solicitou informe ó Servicio de Recursos Humanos sobre a experiencia profesional deses profesores no momento do concurso. Recibido o informe a Comisión de Docencia acordou tratar o tema en Xunta de Goberno.

O profesor Cid Sabucedo (en representación do Departamento) di que " non se pode renovar a quen non ten previamente nomeamento".

O Vicerrector de Profesorado, tendo en conta o acordo da Comisión de Conflictos (retroaer o procedemento ata o momento en que a Comisión de Reclamacións fixo a proposta á Comisión de Expertos) propón deixar pendente o tema.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Proposta de división do Departamento de Tecnoloxías das Comunicacións.

Apróbase por asentimento, para a súa remisión ó Claustro, a división do Departamento de Tecnoloxías das Comunicacións en dous novos Departamentos: Enxeñería Telemática e Teoría do Sinal e Comunicacións.

Punto 9. Aprobación, se procede, da proposta de planos de estudio de Diplomado en Ciencias Empresariais(Ourense e Vigo); Diplomado en Mestre: Educación Infantil e Educación Primaria (E.U. do Profesorado-Vigo - adscrita-) e Diplomado en Enfermería (E.U. de Meixueiro, Povisa, Pontevedra e Ourense - adscritas-).

a) Plano de estudos de Diplomado en Ciencias Empresariais (Ourense e Vigo)

Intervén o Vicerrector de Organización Académica para explicar que no seu día foi nomeada unha Comisión para facer unha proposta de plano de estudos unha vez que as Xuntas dos dous Centros non chegaran ós acordos mínimos. Agora, a COAV asume a proposta feita por esa Comisión.

O profesor Sánchez Bello di que ten que defender a proposta do seu Centro e que por coherencia votará en contra.

O profesor Mazaira apoia a proposta da Comisión.

Sométese o plano a votacións.

A favor	14 votos
En contra	1 voto
Abstencións	5

Apróbase.

b) Diplomado en Mestre. Educación Infantil e Educación Primaria (Escola adscrita-Vigo)

Apróbase por asentimento.

c) Diplomado en Enfermería (E.U. do Meixoeiro, Povisa, Ourense e Vigo- adscritas)

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede do I Curso de Especialista en Dirección e Xestión de Programas e Centros Xerontolóxicos Socio - Sanitarios.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos criterios de distribución de fondos para a dotación de laboratorios docentes.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas á investigación do ano 2001.

O Vicerrector de Investigación resume os aspectos máis salientables desta convocatoria. As axudas agrúpanse en tres grandes bloques: programa de axudas a grupos de investigación, axudas a proxectos europeos de I+D e axudas a proxectos de investigación para a Oficina de Medio Ambiente. Convócanse tamén axudas a investigadores de xeito individual (bolsas de viaxe, estadias etc.).

Ábrese un turno de intervencións.

O profesor R. Berrocal di que esta proposta é un despropósito e xenera políticas de investigación erráticas. Non está de acordo coa ponderación en función do número de doutores nin coas axudas plurianuais. Di que hai que manter a convocatoria do ano anterior.

O profesor Tojo pide aclaracións pola fórmula que establece a puntuación do tamaño do grupo en función do número de doutores. Pregunta se o financiamento plurianual vai ser contabilizado en futuros orzamentos.

A profesora Roca apoia a proposta do Vicerrector e pide que conste en acta o rogo de que cando se estudien os criterios de avaliación da produción científica en Xunta de Goberno, se profundice máis en reducir as diferencias entre os diferentes ámbitos.

O profesor Durany pregunta se a remuneración por conferencia en encontros de

investigadores é só para investigadores de fóra (respóndeselle que si). Felicita á Comisión de Investigación pola proposta que se presenta.

. A profesora Cabeza valora positivamente a proposta de planos plurianuais.

O profesor Varela di que as ideas principais da proposta están la liña de informes (como o informe Bricall) que se están a manexar na actualidade: criterios de competitividade, estabilidade e produtividade. Destaca as ideas dos contratos-programa e reconece o esforzo en valorar as diferencias entre os diferentes ámbitos.

O profesor Membiela valora de xeito positivo as ideas novedosas que se presentan.

O profesor Vilas está de acordo en liñas xerais coa proposta. Cita unha serie de cuestións de forma que hai que corrixir. En temas de fondo, preocúpalle que un grupo poida ter máis dun investigador principal.

O profesor Sanz preferiría que haxa catro datas de convocatoria (en lugar de dúas) para as bolsas de viaxe. Di que na actualidade, as axudas teñen un tratamento moi desfavorable dende o punto de vista fiscal e pide que se estudie a eliminación do IRPF.

O Vicerrector de Investigación di que as ideas de contrato-programa e de planos plurianuais van na liña das políticas de investigación do resto das universidades españolas. Defende a idea de que poida haber nun grupo máis dun investigador principal e explica a fórmula de ponderación do tamaño dos grupos (a igualdade de produción "per-capita", prima ós grupos grandes).

Propón que se pase de dous prazos a tres na convocatoria de bolsas de viaxe e que a fórmula que pondera o tamaño dos grupos se cambie por " A Comisión de Investigación poderá establecer criterios de ponderación do tamaño dos grupos".

Sométese a proposta final (con eses cambios) a votación:

A favor	19 votos
En contra	3 votos
Abstencións	2

Apróbase.

Punto 13. Aprobación, se procede, da convocatoria para actividades de extensión universitaria do ano 2001.

Apróbase por asentimento.

Punto 14. Aprobación do Convenio entre a Universidade de Vigo e a Facultade de Ciencias Políticas (Génova-Italia)

Retírase este punto por estar pendente dun informe do Servicio de Control Interno.

Punto 15. Aprobación, se procede, do acordo de homologación do complemento específico dos Profesores Titulares de Escola Universitaria.

O Rector informa de que unha vez asinado o Convenio co Ministerio de Educación e Cultura en decembro de 2000, unha Resolución Rectoral de 13 de xaneiro de 2000 autoriza os pagamentos correspondentes o complemento específico dos Profesores Titulares de Escola Universitaria.

Nesta mesma data da Xunta de Goberno (24 de xaneiro de 2001) foi asinado o convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o plano de promoción e estabilidade do profesorado.

É competencia da administración autonómica indicar como se periodifica o pagamento.

O día 18-1-2001 fíxose unha consulta á Dirección Xeral de Universidades na que solicitaba informe sobre a procedencia de pagar as cantidades correspondentes en tres etapas (ano 2000-90 %, ano 2001-95 %, ano 2002-100 %).

O Rector somete á consideración da Xunta de Goberno esta proposta. Este acordo sería válido sempre que a Consellería non informe negativamente.

O profesor Membiela apoia esta proposta.

O profesor Santamaría pide que se informe ós Sindicatos sobre este tema.

O profesor Sánchez Bello defende outra proposta para escalonar o pagamento: 98%,99%,100%.

Votación:

A favor da proposta do Rector	19 votos
A favor da proposta do profesor Sánchez Bello	5 votos
Abstencións	2

Apróbase a proposta do Rector.

Punto 16. Elección para cubrir unha vacante no Consello Social (sector PDI)

A única candidatura foi presentada polo profesor Pedro Merino Gómez que queda elixido.

Punto 17. Elección para cubrir vacantes na Comisión de Reclamacións (1 PDI, 1 estudante)

No sector PDI foi presentada a candidatura do profesor Álvaro Xosé López Mira e no sector de estudantes a da Sra. Patricia Corbacho Suso. Realizada a votación, o profesor López Mira acadou 20 votos e a Sra. Corbacho Suso 15 votos. Sendo os presentes un total de 29 membros de Xunta de Goberno, ambos acadaron a maioría esixida no regulamento da Xunta de Goberno para ser elixidos e pasar a formar parte da Comisión de Reclamacións.

Punto 18. Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno: Comisión de Docencia (1 PDI), Comisión de Extensión Universitaria (1 PDI), Comisión de Estudiantes (1 PDI, 1 PAS).

Houbo un só candidato no sector PDI para cada comisión e se cubren as vacantes como segue:

- Comisión de Docencia(sector PDI) : Don José Manuel García Vázquez
- Comisión de Extensión Universitaria (sector PDI): Don Patricio Sánchez Bello
- Comisión de Estudiantes (sector PDI): Don Rafael Sanz Domínguez

Non houbo candidatos no sector PAS.

Punto 19. Rogos e Preguntas.

O Sr. Areán pregunta cando vai ser tratada a normativa de permanencia no Consello Social (respóndeselle que en breve).

A profesora Roca roga que a Facultade de Dereito teña unha Biblioteca.

A Profesora Cabeza pregunta polos atrasos na conexión á rede.

O profesor Candelas fai o seguinte rogo (ó que se suman os profesores Costas e Cabeza):

A pesar de ter falado en repetidas ocasións co Vicerrector de Planificación e cos responsables da Unidade Técnica sobre o deterioro creciente do edificio da Facultade de Filoloxía e Traducción, véxome no deber de manifestar o profundo malestar da Facultade pola situación que estamos obrigados a padecer. Rogo, por tanto, públicamente o que xa fixen en reunións máis técnicas cos responsables: solicitar unha absoluta prioridade para os arreglos na Facultade de Filoloxía e Traducción: a solución, desde logo, non pode esperar máis.

O profesor Varela roga que se dea lectura a un escrito asinado por profesores do Departamento de Economía Aplicada. A Sra. Secretaria Xeral le o escrito que se engade a acta como anexo VII

O Sr. Santamaría pide copia dese escrito e pregunta polo expediente aberto ó profesor Ares. Tamén pregunta se foron abertos expedientes disciplinarios a dous docentes da Facultade de Ciencias Sociais.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 22:15 horas do día 24 de xaneiro de 2001 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector:

O Rector

 Domingo Docampo Amoedo

A Secretaria Xeral

 Margarita Estévez Toranzo